

ACTIVIDADES DE REFORZO INGLÉS (2ª AVALIACIÓN) 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Ademais de ver os vídeos e realizar as actividades da páxina web do colexio, aconséllase realizar as seguintes tarefas:

- Estudar as fichas de vocabulario das Unidades 3 e 4. Se non as atopades tendes o vocabulario básico na páxina inicial e nas unidades 3 e 4 do ClassBook. Podedes escribir o vocabulario nun caderno e practicalo.
- Revisar os vosos Activity Books e realizar os exercicios que vos falten ata a Unidade 4.
- Debuxar a catro nenos/as en diferentes estacións do ano (Spring, Summer, Autumn, Winter) con diferentes prendas de vestir e describir o que levan posto, indicando que tempo fai e en que estación están. Para realizar esta tarefa podedes consultar a páxina 30 do ClassBook ou as páxinas 27 e 28 do Activity Book.

Exemplo: It's summer. It's sunny and hot. He/She is wearing a swimsuit, sandals and sunglasses.

- Colorear as prendas de vestir do exercicio anterior e escribir de que cor son.
Exemplo: She is wearing a **pink** swimsuit, **blue** sandals and **yellow** sunglasses.
- Debúxate a ti mesmo/a coa roupa que máis che guste e describe o que levas posto. Podes revisar a páxina 29 do Class Book ou a páxina 32 do Activity Book para realizar esta tarefa.
Exemplo: This is me. I am wearing blue jeans, a black jumper and grey shoes.
- Escribe en inglés con letra os números do 1 ata o 30. Para realizar esta actividade podes consultar as páxinas 35 e 78 do Activity Book.
- Escribe o nome dos obxectos que atopas no teu dormitorio. Se queres podes debuxalo.

Exemplo: This is my bedroom. There is a bed, a wardrobe, a bookcase, a table and a chair.

Cando vaiades realizando algunha destas actividades podedes enviarmas por e-mail (sacando unha foto ou escaneando) a bealboradaenglish@gmail.com

Se tendes algunha dúbida, podedes consultarme tamén neste mail.

Moito ánimo